

## DOCUMENTO IV

# XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA CONTIDAS NA LEI DO SOLO DE GALICIA

O presente documento recolle a xustificación do marco normativo que ha de rexer a redacción do PS e forma parte do PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. Devandito documento contén, en cumprimento do 16º do PSOAEG: a xustificación do cumprimento das normas de aplicación contidas na vixente Lei do Solo de Galicia. O mesmo estrutúrase segundo o seguinte esquema:

## ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA CONTIDAS NO TÍTULO III DA LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA .....	2
1.1.Xustificación do cumprimento do artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.....	2
1.2.Xustificación do cumprimento do Artigo 92. Protección das vías de circulación .....	3



## 1. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA CONTIDAS NO TÍTULO III DA LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA

### 1.1. Xustificación do cumprimento do artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe

O artigo 91 da Lei do Solo de Galicia di o seguinte:

*As construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:*

- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.*
- b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.*
- c) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.*
- d) As construcións haberán de presentar todos as súas decoracións exteriores e cubertas totalmente terminadas.*
- e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, emprazamento ou colorido non cumpla as anteriores prescripcións.*
- f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.*

O ámbito do proxecto sectorial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, emprázase nun sector contiguo ao PTL en funcionamento, limitando con el polo Sur.

Ao Norte limita coa variante de poboación VG-20 e polo Oeste co viario Clara Campoamor de acceso ao Campus Universitario.

Unha pequena parte ao Sur limita coa zona verde do Parque Tecnolóxico en funcionamento.

Ao Leste limita co Solo Urbanizable Non Programado SUNP PAU – 4 Carto do Viño, onde existen algunas vivendas illadas pertencentes ao núcleo do mesmo nome.

No deseño urbanístico que se prevé no presente proxecto sectorial, tomáronse as medidas oportunas para a adaptación das instalacións ao contorno físico do territorio do asentamento para diminuir ao máximo o impacto sobre o medio físico. Así mesmo, establécese unha zonificación de usos que contribúa a manter a harmonía da paisaxe actual, sen limitar o campo visual que agora se percibe.



## 1.2. Xustificación do cumprimento do Artigo 92. Protección das vías de circulación

O artigo 92 da Lei do Solo de Galicia di o seguinte:

*1. As construcións e peches que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixo da vía pública a que dean fronte, salvo que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.*

*Unicamente exclúese desta obligación a colocación de mouteiras e peches de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).*

*2. En todo caso, haberá de cumplirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.*

Con respecto á rede viaria, cúmprese sobradamente a separación das edificacións proxectadas en relación coa lexislación sectorial que lle é de aplicación e os parámetros do artigo 92 da Lei do Solo de Galicia.

A rede viaria planifícase de acordo coas necesidades das implantacións previstas e usos permitidos pola regulamentación do presente documento.